

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

8940 Orde FOM/1687/2015, do 30 de xullo, pola que se establecen disposicións complementarias sobre as marcas de nacionalidade e de matrícula das aeronaves civís.

O anexo 7 ao Convenio sobre aviación civil internacional (Chicago 1944), marcas de nacionalidade e de matrícula das aeronaves, foi incorporado ao ordenamento xurídico español a través do Regulamento de marcas de nacionalidade e de matrícula das aeronaves civís, cuxo texto refundido foi publicado pola Resolución da Subsecretaría de Aviación Civil, do 17 de novembro de 1977, en aplicación do disposto na Orde do 22 de setembro de 1977, e de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea.

Esta orde, que substitúe a citada resolución, actualiza o réxime das marcas de nacionalidade e matrícula e incorpora a última emenda ao anexo 7 do Convenio sobre aviación civil internacional antes citado. Ademais, inclúe a regulación especial das aeronaves históricas ou destinadas a acrobacias co fin de recoller na mesma norma todo o relacionado con esta materia.

O Regulamento de matriculación de aeronaves civís, aprobado polo Real decreto 384/2015, do 22 de maio, que entrará en vigor o 1 de decembro de 2015, establece os distintivos de nacionalidade e matrícula e a súa composición, mantén a habilitación para o seu desenvolvemento por parte do Ministerio de Fomento e remite ao dito desenvolvemento no réxime aplicable sobre a materia. Este regulamento, cando entre en vigor, substituirá o vixente, aprobado polo Decreto 416/1969, do 13 de marzo.

Na tramitación desta orde deuse audiencia ás organizacións representativas do sector aeronáutico.

Esta orde dítase ao abeiro da competencia estatal sobre matriculación de aeronaves, establecida no artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Aviación Civil, coa conformidade da secretaria xeral de Transporte e do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto completar o réxime aplicable en materia de marcas de nacionalidade e de matrícula das aeronaves civís matriculadas en España.

2. As disposicións desta orde non se aplicarán aos globos piloto meteorolóxicos, utilizados exclusivamente para fins meteorolóxicos, nin a aquelas aeronaves que estean exentas da súa inscrición no Rexistro de Matrícula de Aeronaves.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, enténdese por:

a) Aeronaves históricas: as que cumpran os criterios establecidos no anexo II, alínea a), do Regulamento n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea e se derrogan a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE.

b) Aeronave pilotada a distancia: aeronave non tripulada que é pilotada desde unha estación de pilotaxe a distancia.

c) Material incombustible: material capaz de resistir a calor tan ben como o aceiro ou mellor ca este, cando as dimensións, en ambos os casos, son apropiadas para un fin determinado.

d) Ornitóptero: aeródino que principalmente se mantén en voo en virtude de reaccións que exerce o aire sobre planos aos cales se imparte un movemento de batemento.

2. Ao resto dos conceptos utilizados nesta orde seranlles de aplicación as definicións contidas no Regulamento de circulación aérea, adoptado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, e no Regulamento de execución (UE) n.º 923/2012 da Comisión, do 26 de setembro de 2012, polo que se establecen o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea e polo que se modifican o Regulamento (CE) n.º 1035/2011 e os regulamentos (CE) n.º 1265/2007, (CE) 1794/2006, (CE) n.º 730/2006, (CE) n.º 1033/2006 e (UE) n.º 255/2010.

Artigo 3. *Clasificación das aeronaves.*

1. Para os efectos desta orde, as aeronaves clasificaranse de conformidade co establecido no anexo I.

2. Unha aeronave que se prevé que voará sen piloto a bordo clasificarase, ademais, como non tripulada. As aeronaves non tripuladas inclúen os globos libres non tripulados e as aeronaves pilotadas a distancia.

Artigo 4. *Colocación, dimensións e tipo de caracteres das marcas de nacionalidade e de matrícula das aeronaves civís.*

1. A marca de nacionalidade e a de matrícula pintaranse sobre a aeronave ou fixaranse a ela de calquera outra forma que lles dea unha permanencia similar. As marcas deberán aparecer limpas e visibles en todo momento.

2. A colocación das marcas de nacionalidade e matrícula, o seu tamaño, o tipo dos seus caracteres e a exhibición das cores da bandeira axustaranse ao previsto no anexo II.

Calquera marca, figura, emblema ou escudo distinto dos previstos neste artigo poderá pintarse na aeronave sempre que garanta que no seu aspecto conxunto destacan as marcas de nacionalidade e matrícula e as cores da bandeira.

3. O tamaño das marcas nos casos en que, conforme o previsto no anexo II, letra B, se pode reducir será o que en cada caso fixe a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, logo de solicitude do titular ou operador da aeronave, tendo en conta a necesidade de que a aeronave poida ser identificada facilmente.

Artigo 5. *Placa de identificación.*

1. Toda aeronave matriculada en España levará unha placa de identificación na cal aparezan inscritas, polo menos, a súa marca de nacionalidade e a marca de matrícula. A placa en cuestión será de metal incombustible ou doutro material incombustible que posúa propiedades físicas adecuadas.

2. A placa de identificación fixarase á aeronave nun lugar visible, preto dunha entrada principal ou, no caso dunha aeronave pilotada a distancia, fixarase, de modo que sexa visible, preto da entrada ou do compartimento principal, ou ben fixarase de modo que sobresaía na parte exterior da aeronave se non hai entrada ou compartimento principal.

Artigo 6. *Aeronaves históricas ou destinadas a acrobacias.*

1. As aeronaves históricas e aquelas que realicen actividades de acrobacia aérea poderán levar, logo de autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, sempre que permitan que a aeronave sexa identificada facilmente:

a) As marcas de nacionalidade e matrícula en tamaño reducido.

b) A matrícula orixinal ou calquera outro anagrama identificativo como parte da decoración, ademais das marcas de nacionalidade e matrícula da aeronave.

No caso de aeronaves históricas que estivesen incluídas no Rexistro de Aeronaves da Defensa, para a autorización de uso de marcas de nacionalidade e matrícula orixinais solicitarase a conformidade do Ministerio de Defensa.

2. Na solicitude de autorización farase constar a descrición das características técnicas da aeronave, as causas invocadas e a proposta de localización e tamaño das marcas de nacionalidade e matrícula, así como, de ser o caso, da matrícula orixinal ou anagrama identificativo que pretende exhibirse como decoración, mediante plano a escala comprensivo das necesarias vistas da aeronave en alzado, perfís e plantas.

Deberase xustificar documentalmentemente a concorrencia das condicións determinantes da súa condición de histórica ou da súa actividade de acrobacia aérea, segundo corresponda.

3. A autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para o uso da matrícula orixinal conforme o previsto no número 1, alínea b), poderá limitar o dito uso a actividades concretas, tales como exhibicións ou outro tipo de demostracións aéreas.

4. As autorizacións previstas neste artigo serán adoptadas polo director de Seguridade de Aeronaves da Axencia Estatal de Seguridade Aérea no prazo máximo de tres meses desde a data de solicitude. Contra o acordo polo que se conceda ou denegue a autorización poderase interpor, dentro do prazo dun mes, recurso de alzada ante o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o previsto no artigo 4.3 do seu estatuto, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

Transcorrido o prazo de tres meses previsto no parágrafo anterior sen que se ditase resolución expresa, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, conforme o previsto no artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria única. *Normas transitorias.*

Mentres que as marcas de matrícula se sigan comendo de tres letras, na súa asignación non se deberán usar combinacións que se poidan confundir coas combinacións de tres letras que, comezando con Q, se usan no Código Q, nin co sinal de auxilio SOS, ou outros sinais de urxencia similares, como XXX, PAN e TTT, utilizados conforme o Regulamento internacional de telecomunicacións.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Derrógase a resolución da Subsecretaría de Aviación Civil do 17 de novembro de 1977, pola que se aproba o texto refundido do Regulamento de marcas de nacionalidade e de matrícula das aeronaves civís, salvo o disposto no seu artigo único, números 2.2, 2.3 e 2.4, que permanecerán vixentes ata o 30 de novembro de 2015.

Así mesmo, derróganse a Resolución do 16 de abril de 1991, da Dirección Xeral de Aviación Civil, pola que se autoriza, por razóns culturais e históricas de especial relevancia, a pintar nas aeronaves as marcas de identificación en tamaño reducido, e calquera outra disposición de inferior ou igual rango que se opoña ou contradiga o disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase no exercicio das competencias en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, e matriculación de aeronaves que o artigo 149.1.20.^a lle atribúe ao Estado con carácter exclusivo.

Disposición derradeira segunda. *Circular aeronáutica.*

De conformidade co previsto no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, o director xeral de Aviación Civil poderá adoptar, mediante circular aeronáutica, disposicións de carácter secundario e contido técnico que completen e precisen o previsto nesta orde mediante a adaptación dos anexos ás normas e recomendacións da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI).

Disposición derradeira terceira. *Facultades de execución.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá ditar cantas medidas sexan precisas para a execución desta orde; en particular, en relación coa aplicación dos criterios relativos á definición de aeronave histórica contidos no anexo II, letra a), do Regulamento n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea e se derrogan a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE, logo de informe do Ministerio de Defensa cando a aeronave sexa de orixe militar, e a redución do tamaño das marcas de nacionalidade e de matrícula.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de xullo de 2015.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.

ANEXO I

Clasificación de aeronaves

1. As aeronaves clasifícanse en aeróstatos e aeródinos.
2. Os aeróstatos clasifícanse en:
 - a) Aeróstatos non propulsados por motor e estes en:
 - 1.º Globo libre:
 - (i) Globo libre esférico.
 - (ii) Globo libre non esférico.
 - 2.º Globo cativo:
 - (i) Globo cativo esférico.
 - (ii) Globo cativo non esférico¹, xeralmente coñecido como «globo-papavento».
 - b) Aeróstatos propulsados por motor, os dirixibles. E estes en:
 - 1.º Dirixible rixido.
 - 2.º Dirixible semirrixido.
 - 3.º Dirixible non rixido.
3. Os aeródinos clasifícanse en:
 - a) Aeródinos non propulsados por motor, os planadores/papavento⁴.
 - 1.º Planador terrestre.
 - 2.º Planador acuático².
 - b) Aeródinos propulsados por motor. E estes en:
 - 1.º Avión:
 - (i) Avión terrestre³.
 - (ii) Hidroavión².
 - (iii) Anfíbio².

2.º Xiroavión:

(i) Xiroplano:

- Xiroplano terrestre³.
- Xiroplano acuático².
- Xiroplano anfíbio².

(ii) Helicóptero:

- Helicóptero terrestre³.
- Helicóptero acuático².
- Helicóptero anfíbio².

3.º Ornitóptero:

- (i) Ornitóptero terrestre³.
- (ii) Ornitóptero acuático².
- (iii) Ornitóptero anfíbio².

-
- 1 Xeralmente coñecido por «globo-papavento».
 - 2 Pódense engadir, segundo proceda, as palabras «flotador» ou «casco».
 - 3 Mesmo aeronaves equipadas con tren de aterraxe con esquís (substitúase a palabra «terrestre» por «esquís»).
 - 4 Soamente co fin de subministrar información completa.

ANEXO II

Normas técnicas aplicables á colocación das marcas de nacionalidade e matrícula, o seu tamaño, o tipo dos seus caracteres e a exhibición das cores da bandeira

A) Colocación das marcas de nacionalidade e matrícula.

1. Nos aeróstatos, as marcas de nacionalidade e matrícula situaranse na seguinte forma:

a) Nos dirixibles colocaranse ben sexa na envoltura ben nos planos estabilizadores. No primeiro caso orientaranse ao longo, a ambos os dous lados do dirixible, e tamén se colocarán na parte superior, sobre o eixe de simetría. No segundo caso irán nos estabilizadores horizontal e vertical. O estabilizador horizontal levará as marcas na cara superior do lado dereito e na cara inferior do lado esquerdo, coa parte superior das letras e números cara ao bordo de ataque. O estabilizador vertical levará as marcas en ambas as caras da metade inferior, de forma que as letras e os números se lean horizontalmente.

b) Nos globos esféricos que non sexan globos libres non tripulados, as marcas deberán aparecer en dous lugares diametralmente opostos e colocarse preto do ecuador do globo.

c) Nos globos non esféricos que non sexan globos libres non tripulados, as marcas deberán aparecer en cada lado e deberanse colocar preto da máxima sección transversal do globo, por riba da banda de cordame ou dos puntos de conexión dos cables de suspensión do cesto e o máis preto posible deles.

En todo caso, as marcas laterais deberán ser visibles desde os lados e desde o chan.

2. Nos aeródinos as marcas levaranse, unha soa vez, no intradorso da ala. Colocaranse na metade esquerda do intradorso da ala, a non ser que se estendan sobre a totalidade do dito intradorso. As marcas colocaranse, sempre que sexa posible, a igual distancia dos bordos de ataque e de saída das alas. A parte superior das letras e dos números deberase orientar cara ao bordo de ataque da ala.

Ademais, as marcas deberán aparecer a cada lado da fuselaxe ou estrutura equivalente, entre as alas e as superficies da cola, ou nas metades superiores das

superficies verticais de cola. Cando se coloquen nunha soa superficie vertical de cola, deberán aparecer en ambos os lados e, se hai máis dun plano vertical de cola, deberán aparecer na cara de fóra dos planos exteriores.

No entanto, se un aeródino non posúe as partes mencionadas nos parágrafos anteriores, as marcas deberán aparecer en forma tal que permitan identificar facilmente a aeronave.

B) Dimensións das marcas de nacionalidade e matrícula.

1. Os caracteres de cada grupo illado de marcas serán da mesma altura.
2. Nos aeróstatos que non sexan globos libres non tripulados, a altura das marcas será, polo menos, de 50 cm. No entanto, poderase reducir o tamaño das marcas cando o aeróstato non posúa partes de tamaño adecuado para colocar as marcas co tamaño previsto con carácter xeral.
3. Nos aeródinos a altura das marcas será, polo menos, de 50 cm nas alas e de 30 cm na fuselaxe ou estrutura equivalente e nas superficies verticais de cola. No entanto, cando as partes correspondentes do aeródino sexan demasiado pequenas para colocar as marcas do tamaño previsto no parágrafo anterior, poderase reducir o tamaño destas marcas.

C) Tipo dos caracteres empregados.

1. As letras das marcas de nacionalidade e matrícula serán maiúsculas e o largo de cada un dos caracteres, excepto a letra I, e a lonxitude dos guións serán dous terzos da altura dos caracteres.
2. Os caracteres e guións estarán constituídos por liñas continuas e serán dunha cor que contraste claramente co fondo. O grosor das liñas será igual a unha sexta parte da altura dos caracteres.
3. Cada un dos caracteres estará separado, do que inmediatamente o preceda ou siga, por un espazo polo menos igual á cuarta parte do largo dun carácter. Para este fin, o guión considerárase como un carácter.

D) Cores da bandeira de España.

Na fuselaxe da aeronave ou, alternativamente, a través de toda a superficie vertical de cola, por riba da parte superior das marcas de nacionalidade e matrícula e paralela a elas e á liña de voo, pintárase unha franxa coas cores da bandeira nacional ou a propia bandeira nacional, que se poderá colocar en calquera superficie exterior, a ambos os lados da aeronave.